



ARA DEDICADA A VENUS VITORIOSA EN CHAVES

Nicandro Ares Vázquez

No nº 46, 2013, de *LVCENSIA*, deixo escrito algo dunha "Ara lucense adicada a "VERORE", que admite comparación con outra de Chaves, como direi máis adiante. Velaquí un resumo do que dixen daquela.

No Museo Provincial de Lugo gárdase unha curiosa ara romana, esculpida en pedra granítica, que culmina nunha especie de casetiña cuberta a dúas augas, onde queda albergado o seu *focus* votivo, consistente nunha cunca pequeniña de bordo circular, na que se queimaría algunha substancia inflamable.

Acepto a lectura proposta, por F. Arias Vilas, P. Le Roux, A. Tranoy, *Inscriptions romaines de la Province de Lugo*, nº 12, que vén sendo a seguinte (**foto 1**):

Tamén parece lóxica a interpretación *Verore Rufus me(rito) ex visu*, que os autores de *IRPL* traducen "A Verora, Rufus, à la suite d'une vision, (?)".

Eu coido que na lápida de Lugo estaría escrito *VERORE* en latín vulgar, por *VIRORI* en clásico. Teríamos así un dativo masculino de *viror*, -oris "verdor (dos vexetais)", "vigor, fortaleza (das persoas)", e unha deidade da fertilidade, consonte a primavera.

Entrarían en xogo os conceptos de enerxía, exuberancia, fertilidade, forza, louzanía, mocidade, puxanza, robusteza, saúde, valentía, vitalidade, vizo = vizer, xuventude, e quizabes erotismo, sexualidade.

A ara de Chaves

En paralelo coa ara lucense cabe facer mención doutra con similar configuración apuntada, aínda que menos estilizada no corpo, dedicada a *Venus Victrix*, tamén coa fórmula *ex visu*, depositada no Museo portugués de Chaves (foto 2, de *HISPANIA EPIGRAPHICA*,



VERORE
RVFVS
ME EX
VISV

Foto 1.
Ara a Verore en
Lugo (IRPL 12)



VENERI
VICTRICI
LA EX VI
AR P

Foto 2.
Ara a Venus
en Chaves

[http://www.eda-bea.es/helper/watermark.php?src=images\(6389\)](http://www.eda-bea.es/helper/watermark.php?src=images(6389))

Dela teño visto as seguintes informacións. En *Hispania Antiqua Epigraphica*, 1-3, (1950-1952), p. 6, nº 34:

"Hallada en Chaves en 1929 y publicada por Leite de Vasconcellos, *Archeólogo portugués*, XXVIII (1929) 143: *VENERI / VICTRICI / LAEXVI / AR.P*

Interpretando en la l. 4 *aram posuit* si LA es la dedicante, y *ara posita* si debe traducirse *libens animo*".

J. Vives, *Inscripciones latinas de la España romana*, nº 415:

"*Veneri / victrici / La ex vi (su) // ar(am)*, p. Chaves Museo etnológico. Arq. Port. 28 (1927-28) lám. La = La(vius) u otro nombre seguramente".

Hispania Epigraphica, nº 6389, base de datos informatizados, trae como texto: *Veneri / Victrici / L(---) A(---) ex vi(su) / ar(am) p(osuit)* e cita como bibliografía: VASCONCELOS, J. L. "Ara de Vénus", OAP [*O Archeólogo portugués*] 28, 1927-1929, 142-144, con foto; AE [= *Année Epigraphique*], 1933, 23 = Rodríguez Colmenero, A., *Aquae Flaviae: I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Chaves, 1997, nº 80 = RAP [J. M. García, *Religiões antigas de Portugal. Aditamentos e observações as "Religiões da Lusitânia" de Leite de Vasconcelos*, Lisboa 1991] 440.

A miña interpretación

Nesta ara de Chaves eu vexo con claridade o seguinte texto epigráfico:

VENERI / VICTRICI / IAEXVI / ARP

Que pode interpretarse: *Veneri / Victrici / Ia ♠ ex vi(su) / ar(am) p(osuit)*. Ía puxo a ara a Venus Vitoriosa por unha visión.

Por dificultade de impresión, poño o símbolo ♠ semellante a unha folla de hedra en forma de corazón, que figura na lápida (cf. foto), signo diferente das outras interpuncións que hai nela e que puido ter un significado expresamente pretendido pola dedicante. Da hedra dicía Festus: *hedera vincit ad quodcumque se applicat* (a hedra vincula [ata, liga], a calquera cousa se apega).

As letras do nome da persoa dedicante coido que non son abreviatura antroponímica, LA, como se vén propoñendo dende a súa aparición en 1929, con graves dificultades de identificación nominal (Cf. L. Vasconcelos; AE; HAEpigr; ILER; R.Colmenero; RAP; Hisp. Epigr. Nº 6389).

Observo que aquel nome empezaba por *l*, non por *L*, porque o remate inferior da letra ensánchase un pouco, tanto á dereita como á esquerda do pau vertical, pero con igual dimensión. Non hai interpunción entre esta letra e *A*, que lle segue, senón que foi escrito *IA*. Trataríase do xinecónimo *la/lia*

Heikki Solin, *Die griechischen Personennamen in Rom*, Berlín. New York 1982, p. 578, rexistra este nome en epígrafes de Roma, por exemplo, *la Aucti l(iberta)*; *Laberiae lae*; *Coelia M. l. la*; *Otacilia Cn. l. lia*; *Marcia la vernae suae*.

Este mesmo nome de muller, *ía*, aparece no santoral cristián, celebrada como mártir do século IV o 4 de agosto. En Italia, *ía* foi interpretada por De Felice (*Dizionario dei cognomi italiani*) como procedente do grego bizantino *ía*, 'violeta' (Roberto Faure, *Diccionario de nombres propios*, Ed. Espasa, Madrid 2002).

(7 – VI – 2013).